

RECOMENDACIÓN SOBRE A PROTECCIÓN XURÍDICA DAS/OS TRADUTORAS/ES E DAS TRADUCIÓNS, E SOBRE OS MEDIOS PRÁCTICOS PARA MELLORAR A SITUACIÓN DA PROFESIÓN

A Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, reunida en Nairobi do 26 de outubro ao 30 de novembro de 1976, na súa 19ª sesión,

Considerando

que a tradución facilita o entendemento entre os pobos e a cooperación entre as nacións, ao promover a difusión das obras literarias e científicas, comprendidas as de carácter técnico, traspasando fronteiras lingüísticas; e ao facilitar, así mesmo, o intercambio de ideas,

Advertindo

a importancia suma do papel desempeñado polas/os tradutoras/es e as traducións nos intercambios internacionais producidos nos eidos da cultura, da arte e da ciencia, particularmente no caso das obras escritas e traducidas en linguas de menor difusión,

Recoñecendo

que a protección das/os tradutoras/es é indispensable para garantir que as traducións teñan a calidade precisa para desempeñaren con eficacia a súa función ao servizo da cultura e do desenvolvemento,

Lembrando

que, malia os principios desta protección figuraren xa na Convención Universal sobre Dereito de Autor, e malia o Convenio de Berna para a Protección das Obras Literarias e Artísticas e a lexislación nacional dalgúns Estados membros inclúen, así mesmo, disposicións concretas no referente a tal protección, a aplicación práctica destes principios e disposicións non sempre é axeitada,

Sendo da opinión

de que, aínda que en moitos países, con respecto aos dereitos de autor, as/os tradutoras/es e as traducións gozan dunha protección análoga á concedida ás/aos autoras/es e ás obras literarias e científicas, comprendidas as de carácter técnico, existe xustificación para adoptar medidas de natureza esencialmente práctica que asimilen as/os tradutoras/es ás/aos autoras/es e sexan propias da profesión da tradución, co fin de mellorar a aplicación efectiva das leis vixentes,

e logo de decidir,

na súa 18ª sesión, que a protección das/os tradutoras/es debería ser obxecto dunha recomendación efectuada aos Estados membros, segundo o disposto no artigo IV, alínea 4, da Constitución,

Aproba, o vinte e dous de novembro de 1976, esta Recomendación.

A Conferencia Xeral recomenda que os Estados membros apliquen as seguintes disposicións, relativas á protección das/os tradutoras/es e das traducións, adoptando aquelas medidas, lexislativas ou doutra índole, que foren precisas, de conformidade coas disposicións

constitucionais e a práctica institucional de ca da Estado, co obxecto de levaren a efecto, nos seus respectivos territorios, os principios e as normas formulados nesta Recomendación.

A Conferencia Xeral recomenda que os Estados membros chamen sobre esta Recomendación a atención das autoridades, dos servizos ou dos organismos responsables das cuestións relacionadas cos intereses morais e materiais das/os tradutoras/es e coa protección das traducións; das diversas organizacións ou asociacións que representen ou defendan os intereses da profesión da tradución; e mais das editoriais, das empresas de espectáculos, dos organismos de radiodifusión e televisión e das/os demais usuarias/os e partes interesadas.

A Conferencia Xeral recomenda que os Estados membros lle presenten á Organización, no momento e na forma que determinar a Conferencia Xeral, informes referentes ás medidas adoptadas por eles para levaren a efecto esta Recomendación.

I. DEFINICIÓNS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Para os efectos desta Recomendación:

a) o termo «tradución» denota a transposición dunha obra literaria ou científica, comprendidas as de carácter técnico, dunha lingua a outra, con independencia de se a obra inicial, ou a tradución, está ou non destinada á súa publicación en forma de libro, nunha revista, nunha publicación periódica ou noutro formato, ou á súa representación teatral, cinematográfica, radiofónica ou televisiva, ou en calquera outro medio de comunicación;

b) o termo «tradutor/a» designa as/os tradutoras/es de obras literarias ou científicas, comprendidas as de carácter técnico;

c) o termo «usuarias/os» designa as persoas físicas ou xurídicas para as que se fai unha tradución.

2. Esta Recomendación aplícase a todas/os as/os tradutoras/es con independencia dos seguintes factores:

a) a condición xurídica que lles corresponder como:

- 1) tradutoras/es independentes, ou
- 2) tradutoras/es asalariadas/os;

b) a disciplina á que pertenza a obra traducida;

c) a natureza —a tempo completo ou parcial— da súa actividade.

II. SITUACIÓN XURÍDICA XERAL DAS/OS TRADUTORAS/ES

3. Os Estados membros deberían estender ás/aos tradutoras/es, respecto das súas traducións, a protección que lles conceden ás/aos autoras/es de conformidade coas disposicións das convencións internacionais sobre dereito de autor das que foren parte, ou coas da súa lexislación nacional, ou con ambos os tipos de disposicións, mais con suxeición aos dereitos de que gozaren as/os autoras/es das obras orixinais traducidas.

III. MEDIDAS PARA GARANTIR A APLICACIÓN PRÁCTICA DA PROTECCIÓN CONCEDIDA ÁS/AOS TRADUTORAS/ES EN VIRTUDE DOS CONVENIOS INTERNACIONAIS E DAS LEIS NACIONAIS SOBRE DEREITO DE AUTOR

4. É desexable que o/a tradutor/a e a/o usuaria/o formalicen un contrato por escrito.

5. Por regra xeral, nos contratos que rexan as relacións existentes entre as/os tradutoras/es e as/os usuarias/os —ademais de, cando proceda, en calquera outro instrumento xurídico que ordene tales relacións— deberían figurar os seguintes puntos:

a) concesión dunha remuneración equitativa ao /á tradutor/a, sexa cal for a súa situación xurídica;

b) polo menos cando o/a tradutor/a non actúe en calidade de asalariado/a, concesión dunha remuneración proporcional aos ingresos obtidos da venda ou da explotación da tradución, efectuada mediante o pagamento dun anticipo que ficará en poder do /a tradutor/a con independencia da suma que atinxan eses ingresos; ou mediante o pagamento dunha cantidade calculada de conformidade con outro sistema de remuneración independente das vendas, naqueles casos en que así o dispoña ou o permita a lexislación nacional; ou mediante o pagamento dunha contía fixa equitativa que poderá realizarse nos casos en que un pagamento proporcional resulte insuficiente ou inaplicable. O método de pagamento axeitado debería escollerse tendo en conta o sistema xurídico do país de que se trate e, cando proceda, o tipo de orixinal traducido;

c) previsión, cando proceda, dun pagamento complementario, na circunstancia de que o uso feito da tradución excedese os límites especificados no contrato;

d) indicación de que as autorizacións concedidas polo/a tradutor/a se limitan aos dereitos mencionados expresamente. Esta disposición debería aplicarse ás eventuais novas edicións;

e) estipulación de que, no caso de o/a tradutor/a non obter ningunha das autorizacións precisas, a/o usuaria/o correrá coa responsabilidade de as obter;

f) estipulación de que o/a tradutor/a lle garante á/ao usuaria/o o gozo indiscutible de todos os dereitos conferidos, e se compromete a non emprender acción ningunha que poida afectar os intereses lexítimos da/o usuaria/o e, cando proceda, a observar a norma do segredo profesional;

g) estipulación de que, sen prexuízo das prerrogativas de que gozar o/a autor/a da obra orixinal traducida, sen previo consentimento do/a tradutor/a non se introducirá mudanza ningunha no texto dunha tradución destinada á súa publicación;

h) concesión ao/á tradutor/a e á súa tradución dunha publicidade similar e proporcional á que reciben habitualmente as/os autoras/es; en particular, o nome do/a autor/a da tradución debería figurar nun lugar destacado en todos os exemplares publicados da tradución, en carteleiras de teatro, nas comunicacións que acompañen as emisións radiofónicas ou televisivas, na ficha artística dos filmes e en calquera outro material de promoción;

i) disposición de que a/o usuaria/o garante que na tradución van constar todas as mencións precisas para cumprir as formalidades referentes aos dereitos de autor naqueles países onde resulte razoable coidar que se vai usar a tradución;

l) adopción de medios para resolver calquera conflito que poida xurdir —en particular no tocante á calidade da tradución—, na medida do posible, mediante arbitraje ou en consonancia cos procedementos estipulados pola lexislación nacional, ou mediante calquera outro medio de solución de disputas que, por unha banda, sexa garante de imparcialidade e, pola outra, sexa económico e de doado acceso;

m) mención das linguas desde as cales e para as cales vai traballar o/a tradutor/a e, sen prexuízo do disposto no alínea 1 a), especificación expresa, así mesmo, do potencial emprego dos servizos do/a tradutor/a en calidade de intérprete.

6. A fin de facilitar a aplicación das medidas recomendadas nas alíneas 4, 5 e 14, e sen prexuízo da liberdade do/a tradutor/a para formalizar un contrato individual, os Estados membros deberían alentar as partes interesadas —en especial as organizacións profesionais de tradutoras/es e demais organizacións ou asociacións que representen tales profesionais, por unha banda, e as/os representantes das/os usuarias/os, pola outra— a adoptaren contratos tipo ou a asinaren acordos colectivos que se baseen nas medidas suxeridas nesta Recomendación e teñan debida conta de toda situación que poida presentarse tanto por causa do/a tradutor/a como pola natureza da tradución.

7. Así mesmo, os Estados membros deberían fomentar medidas destinadas a garantir que as/os tradutoras/es gocen de efectiva representación, e promover a creación e o desenvolvemento de organizacións profesionais de tradutoras/es e outras organizacións ou asociacións que representen tales profesionais, co obxecto de definir as normas e os deberes que deberían rexer o exercicio da profesión, defender os intereses morais e materiais das/os tradutoras/es e facilitar os intercambios lingüísticos, culturais, científicos e técnicos entre as/os tradutoras/es e entre as/os tradutoras/es e as/os autoras/es das obras que se han traducir. Para estes propósitos, as devanditas organizacións ou asociacións poderían emprender, en concreto, as seguintes actividades, cando a lexislación nacional así o permitir:

a) promover a adopción de normas que gobernen a profesión da tradución, nas cales debería estipularse, en particular, que o/a tradutor/a ten o deber de fornecer unha tradución de alta calidade tanto desde o punto de vista lingüístico como do estilístico, e de garantir que a tradución será unha fiel versión do orixinal;

b) estudar bases de remuneración que resulten aceptables para as/os tradutoras/es e as/os usuarias/os;

c) establecer procedementos para prestar asistencia na resolución de disputas xurdidas con relación á calidade das traducións;

d) asesorar as/os tradutoras/es nas súas negociacións coas/cos usuarias/os e cooperar coas demais partes interesadas no establecemento de contratos tipo referentes á tradución ;

e) facer todos os esforzos precisos para as/os tradutoras/es —de xeito individual ou colectivo e de acordo co disposto na lexislación nacional ou en calquera acordo colectivo que resulte aplicable ao respecto— seren beneficiarias/os, xunto coas/cos autoras/es, de fondos recibidos de fontes públicas ou privadas;

f) adoptar disposicións para o intercambio de información sobre aspectos que resulten de interese para as/os tradutoras/es, mediante a publicación de boletíns informativos, a organización de xuntanzas ou outros medios axeitados;

g) promover a asimilación das/os tradutoras/es, no tocante aos beneficios sociais e ao sistema fiscal, ás/aos autoras/es de obras literarias ou científicas, comprendidas as de carácter técnico;

h) promover o establecemento e o desenvolvemento de programas especializados de formación de profesionais da tradución;

i) cooperar con outros organismos nacionais, rexionais ou internacionais que traballen na defensa dos intereses das/os tradutoras/es; con calquera outro centro nacional ou rexional de información sobre dereitos de autor creado co obxecto de prestar asistencia na obtención de autorizacións en materia de dereitos de autor sobre obras protexidas por estes ; e co Centro Internacional de Información sobre Dereito de Autor da UNESCO;

l) manter estreitos contactos coas/cos usuarias/os, así como coas/cos súas/seus representantes ou coas organizacións ou asociacións profesionais, co fin de defender os intereses das/os tradutoras/es e negociar acordos colectivos con tales representantes, organizacións ou asociacións cando se xulgar proveitoso;

m) contribuír, de xeito xeral, ao desenvolvemento da profesión da tradución.

8. Sen prexuízo do disposto na alínea 7, a pertenza a organizacións ou asociacións profesionais que representen as/os tradutoras/es non debería constituír, non obstante, unha condición necesaria para obter protección, dado que as disposicións desta Recomendación deberían aplicárselles a todas/os as/os tradutoras/es, sexan ou non membros das devanditas organizacións ou asociacións.

IV. SITUACIÓN SOCIAL E FISCAL DAS/OS TRADUTORAS/ES

9. As/Os tradutoras/es que traballen como independentes, tanto se perciben ingresos por dereitos de autor coma se non, na práctica deberían beneficiarse de todo plan de seguro social referente á xubilación, doenza, prestacións familiares etc., así como de toda disposición fiscal que resulte xeralmente aplicable ás/aos tradutoras/es de obras literarias ou científicas, comprendidas as de carácter técnico.

10. As/Os tradutoras/es asalariadas/os deberían ser tratadas/os de igual modo que as/os demais membros do persoal profesional asalariado e, en consecuencia, beneficiarse dos plans sociais previstos para tal persoal. Ao respecto, os estatutos profesionais, os acordos colectivos e os contratos de traballo fundados nese punto deberían facer mención expresa da categoría de tradutor/a de textos científicos e técnicos, co fin de que se poida recoñecer a súa condición de tradutoras/es, en particular no tocante á súa clasificación profesional.

V. FORMACIÓN E CONDICIÓNS DE TRABALLO DAS/OS TRADUTORAS/ES

11. Os Estados membros deberían recoñecer, en principio, que a tradución é unha disciplina independente que require unha educación distinta do ensino exclusivamente lingüístico e que precisa unha formación especializada. Así mesmo, os Estados membros deberían fomentar a instauración de programas de redacción para profesionais da tradución, especialmente en conexión coas organizacións ou asociacións profesionais de tradutoras/es, as universidades e outras institucións educativas, e a organización de seminarios ou obradoiros. Neste sentido, debería recoñecerse que para as/os tradutoras/es resultaría útil poderse beneficiar de cursos de formación continua.

12. Os Estados membros deberían considerar a posibilidade de organizaren centros de terminoloxía que poderían emprender as seguintes actividades:

a) comunicarlles ás/aos tradutoras/es información actual referente á terminoloxía que requiran no desempeño cotián do seu traballo;

b) colaborar estreitamente cos centros de terminoloxía de todo o mundo con vistas a normalizar e impulsar a internacionalización da terminoloxía científico-técnica para así facilitar o labor das/os tradutoras/es.

13. En conxunción coas organizacións ou asociacións profesionais e demais partes interesadas, os Estados membros deberían facilitar os intercambios de tradutoras/es entre diferentes países, co obxecto de lles permitiren mellorar os seus coñecementos da lingua desde a que traballan e do contexto sociocultural en que se escriben as obras que han traducir.

14. Con vistas a aumentar a calidade das traducións, deberíanse recoñecer expresamente os seguintes principios e medidas prácticas nos estatutos profesionais mencionados na alínea 7.a e en calquera contrato escrito celebrado entre tradutoras/es e usuarias/os:

a) as/os tradutoras/es deberían dispor dun prazo razoable para concluír en o seu traballo;

b) na medida do posible, deberíanse pór a disposición das/os tradutoras/es todos os documentos e a información precisos para comprenderen o texto que se vai traducir e para redactar en a tradución;

c) por norma xeral, a tradución debería facerse a partir da obra orixinal e non se debería recorrer á retradución máis que cando for absolutamente necesario;

d) na medida do posible, o/a tradutor/a debería traducir para a súa lingua materna ou para unha lingua que domine igual que a súa lingua materna.

VI. PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO

15. Os principios e as normas establecidos nesta Recomendación poden ser adaptados polos países en vías de desenvolvemento de calquera xeito que xulgaren preciso para lles axudar a satisfacer as súas necesidades, e á luz das disposicións especiais introducidas en beneficio dos países en desenvolvemento na Convención Universal sobre Dereito de Autor, revisada en París o 24 de xullo de 1971, e na Acta de París (1971) do Convenio de Berna para a Protección das Obras Literarias e Artísticas.

VII. DISPOSICIÓN FINAL

16. Nos casos en que as/os tradutoras/es e as traducións gozaren dun nivel de protección que, en determinados aspectos, for máis favorable ca o contido nesta Recomendación, non deberían invocarse as disposicións deste instrumento para diminuír a protección xa adquirida.

[Este texto é unha tradución para o galego da recomendación adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO na súa 19ª sesión, reunida en Nairobi o 22 de novembro de 1976. Autora da tradución: Cristina Río López; revisora: Mónica Martínez Baleirón.]